



CINENSINO "O rato Pérez"



O programa de prevención de drogodependencias "CINENSINO" englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo. Para iso o programa debe ser asumido polo centro educativo ao que se lle facilita asesoramento, medios e formación imprescindible para que sexa impartido polo propio profesorado.

Este programa utiliza como soporte base o cinema; mediante a proxección de tres películas irase profundando e traballando en diferentes temas de interese relacionados coa prevención do consumo de drogas.

"O rato Pérez"

O ratiño Pérez tiña unha fábrica onde convertían en perlas os dentes que él recollía. Con elas o amigo Morientes facía colares. Así pasou cunha nena chamada Lucía. A nena caeu do patín, e caeu un dente. Pérez foi á casa da nena e cando ia deixar a moeda, secuestrárono. Entón, deixáronlle unha nota á nena. O secuestrador era o sobriño de Morientes, chamábase Pipo, e quería facerse ca fábrica para ser rico. O día seguinte ao ver a nota a nena dixo aos seu pais, pero non lle fixeron caso, entón ela pediullo ao seu curmán Ramiro. Xuntos foron a rescatar a Pérez, atopárono nunha caixa na xoiería de Morientes. Cando conseguiron saír, atopáronse co secuestrador e éste decatouse de que os nenos ían a por Pérez. Entón Pipo, máis tarde, intenta convencer a Lucía de que o secuestrador é Morientes. Dille que Pérez debe subir ao seu barco. Cando o rato sube ao seu barco dase conta de que o enganaron. Pipo, o secuestrador, pretendía atentalos con líquidos de cores e facerse así coas perlas. Ao final, grazas a Lucía, o barco inventado por Ramiro e a axuda dos pais da nena consiguen salvar a todos os ratos.



NATALIA DIEGUEZ
5ª A



"NOCTURNA"

EL 5 ANOS

Na escuridade da noite, cando as tebras se alongan e cobran vida propia, os ruidos percorren as casas e todos os recantos parecen esconder algo misterioso, a nosa imaxinación enchese medos. Só a luz das estrelas, das farolas e da lúa a través da fiestra, consegue converter esas pantasma en formas recoñecíbeis e facer fuxir os nosos medos. Pero... ¿Imaxinádevos qué ocorrería si de repente toda luz se apagara por completo?

Isto deunos pe para falar cos nosos nenos sobre o medo á escuridade e o importante que é para nos a luz. Comezamos coa luz natural e por tanto co sol. Como é? Por qué alumea? Como inflúe nas nosas vidas?... para logo ir pasando a outros tipos de luz que substitúen ou complementan á natural e que iremos tratando ao longo do curso.



Os nenos e as nenas de 5 anos fomos o cine o mes pasado. A película que vimos tiña por título "Nocturna".

O protagonista, Tim, é un neno moi medoso que vive nun orfanato e todas as noites ten que abrir a fiestra para ver a súa estrela Adhara para poder durmir.

Cada noite cando nos quedamos durmidos, un mundo diferente cheo doutros personaxes aparecen ao noso carón. Ás veces son luces e nos fan ben, pero outras son sombras que nos meten a friaxe no corpo. Esas sombras parecen ter vida propia, alóganse polos corredores e enchen de sons misteriosos e descoñecidos todos os recunchos da casa.

Por iso Tim precisa da "luz e calor" das estrelas para poder sentirse tranquilo nos seus soños. Só a luz das estrelas, dos farois e da lúa a través da fiestra, consegue converter esas pantasma en formas recoñecíbeis e escorrentar os nosos medos.

Pero un día a súa estrela desaparece, e pouco a pouco as demais estrelas tamén se van desvanecendo. Entón a noite comeza a volverse cada vez máis escura e envolta en máis tebras e máis sombras. Tim decátase de que ten que enfrontarse aos seus medos se quere solucionar esa gran traxedia. Non lle queda outra, así que se embarcará nunha emocionante aventura ao longo da noite loitando contra as coñecidas sombras dos seus soños.

Nesa loita Tim vai atopando a forma de que a luz e a calor volven cada noite para acompañarnos nesa outra vida que aparece cando pechamos os ollos. Foi unha aventura sorprendente para todos os que durmimos e soñamos. Nos temos unha estrela moi especial, o SOL, que quenta e ilumina a nosa Terra. Quizais se a coñecemos mellor sentiremos a súa forza e non haberá sombras nin tebras que nos fagan mal cando imos durmir.

